

3º EDUCACIÓN PRIMARIA

Titora: Ana M.ª Losada Montero

ACTIVIDADES RECOMENDADAS PARA ESTES DÍAS SEN CLASE PRESENCIAL.

Dada a situación actual e atendendo ao carácter xenérico das actividades que debo propoñer, considero necesario cumprir coa esixencia valorando as competencias traballando de forma transversal e funcional.

1.- COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

É un bo momento para pasar tempo en familia e falar, falar como no día a día non podemos. Aproveitando o PDI do centro: **Fálame que te escoito**, podemos:

Faladoiro: Comezar o día organizando e propoñendo ideas de que imos facer, involucrando á maior parte da familia; intentando establecer rutinas, escoitando quendas, e tratando de aceptar as propostas de todos e todas, especialmente das normas que os adultos e adultas poñen.

Lectura en familia. Xa sexa ao final do día como de mañá podemos aproveitar para facer unha lectura en familia. Prestando especial atención á entoación e vocalización correcta. Os/as maiores da casa poden guiar un pequeno momento de reflexión sobre estas lecturas.

Que nos gustou máis? Como cambiaríamos o final? Que título alternativo lle podemos poñer? Ilustremos algún pasaxe do libro...

<http://aulasgalegas.org/category/lecturas-compartidas/>

Diario de cuarentena:

Podemos redactar un pequeno diario organizado para estes días de confinamento. Comezaremos escribindo a data longa e curta.

<http://aulasgalegas.org/que-facemos-estes-dias/>

Lista da compra. Como haberá que ir á compra de forma moi organizada, podemos planear os menús diarios e así redactar os ingredientes que necesitaremos par aunha semana.

Actividades orais

Podemos entreter ás nosas familias cunha pequena actuación, un teatro, un recitado de poesía... Lembramos o que solemos preparar en clase. E se poñemos e creamos atrezzo queda moito mellor.

<http://primaveradasletras.gal/category/fichas-didacticas/>

<https://portaldaspalabras.gal>

2.- COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

Seguramente teremos a oportunidade de **cociñar** con calma estes días sobre todo de aprender e compartir este momento.

Podemos ler receitas, escribilas, preguntarlhas aos avós e avoas... e cociñar coa supervisión dos adultos e adultas que temos na casa. Faremos medicións, trasvases, pesaremos, calculamos canto necesitaríamos para facer máis ou menos cantidades...


Ademais do contido que xa levaron impreso sobre os seres vivos/inertes; nesta páxina hai moitas actividades, recomendacións, vídeos, webs con ecóxogos, **ciencias**...

<https://teachersforfuturespain.org>

Recomendo **xogos matemáticos orais**, concurso de contar en serie (de cinco en cinco), ordenando de maior a menor, test de táboas, bingo/dictado de números, descomposición de números, amigos do 10 e do 100.

Tamén **xogos da baralla: escoba, uno... oca, parchís, dominó...**

Afundir a frota (podemos facelo en papel moi facilmente)



Tamén é importante **crear**. Con construcións, con figuras xeométricas, pezas, cartóns que teñades por casa. Podemos facer cálculo de peso, de contidos... facer figuras planas, en tres dimensións...

Podemos facer un debuxo en plano e logo crealo con dimensións, materiais variados...

Tamén **origami**.

<https://saposyprincesas.elmundo.es/ocio-en-casa/manualidades-para-ninos/manualidades-faciles-animales-origami/>

3.- COMPETENCIA DIXITAL

Todo o que estamos mandando pode ter a axuda dos medios dixitais para buscar información e tamén para levar a cabo as redaccións.

Se queredes tamén tendes o meu enderezo para poñervos en contacto, aprender a mandar correos electrónicos, intercambiar a información.

4.- APRENDER A APRENDER

Estes traballos deberán estar coordinados e en colaboración coas familias seguramente, pero é importante que ofrecendo as ferramentas e limitando os tempos, o alumnado sexa quen de organizarse, pedir axuda, e elaborar as súas propostas. Facer.

5.- COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA

É un bo momento para recordar o que falamos no bloque 1 sobre as vacinas e a importancia social que ten protexerse e protexer á comunidade. (levaron unha fotocopia sobre isto).

Valorem a importancia das medidas adoptadas polo goberno, sempre dando un razoamento das nosas exposicións.

Investiga sobre que medidas de prevención estanse levando a cabo.
Nomea traballos que deben seguir con servizos mínimos.

<https://www.rtve.es/alacarta/videos/especiales-informativos/comparecencia-integra-pedro-sanchez-medidas-del-estado-alarma/5539374/>

Que é o teletraballo? Que traballos poden facerse desta forma e como poderían axudar a conciliar a vida das familias? Que significa conciliar?

<https://academia.gal/diccionario>

Redactaremos unha conclusión intentando darse de conta de **rutinas** e **postos de traballo** que probablemente non son tan valorados no día a día.

Tamén podedes engadir unha versión gráfica (póster, debuxos, coa explicación pertinente escrita)

6.- SENTIDO DA INICIATIVA E ESPIRITO EMPRENDEDOR

Escribide un par de **misterios** como os que facemos en clase, de forma que á volta elixamos algúns e os poidamos propoñer ao resto de alumnado de clase.

7.- CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

Aproveitade para **gravar** no móbil aos vosos e ás vosas maiores, as cancións que cantaban de pequenos e pequenas. Logo as poremos en común en clase.

Creade, como fixemos cos cabezudos. Cartóns, tapas de plásticos, pezas soltas que haxa por casa... Máscaras ou calquera peza que queirades. Podemos facer unha pequena exposición á volta coas vosas creacións!